

AS RÚAS NO CONCELLO DE CUNTIS. AS COPLAS POPULARES E A TOPONIMIA

(Publicado en *A Taboada II*, decembro de 2000)

Marcos Seixo Pastor

1. Introducción

Baixo o apelativo de cantiga ou copla popular encadramos certo tipo de composicións líricas de transmisión oral, nas que podemos albiscar un xérmolo histórico –ou máis ben prehistórico– do que hoxe entendemos por literatura, así como a materia prima do noso canto tradicional. Cómpre termos en conta que esta primeira literatura lírica tiña a función básica de ser cantada –non lida nen recitada– e, en ocasións, de servir de acompañamento para o baile. Este tipo de textos estaban formados normalmente por estrofas de non máis de tres ou catro versos con distintos esquemas de rima, aínda que había tendencia ao emprego dun número limitado de formas métricas e rítmicas estereotipadas; feito que permitía que na maioría dos casos estas coplas non tivesen unha música fixa, e que puideran ser interpretadas con distintas melodías segundo a ocasión.

Moitos dos cantares dos nosos devanceiros representábanse no ambiente creado en relación cun determinado tipo de labores, predominando os de tipo agrícola (espadeladas, cantares de arada, de sega, de vendima, de malla...), aínda que non hai que esquecer aqueles relacionados con outras profesións (por exemplo as cantigas de arrieiro, de canteiro...). Nestes casos si soe haber unha maior uniformidade de melodías e ritmos en conexión coas tarefas desenvolvidas. É este un feito que achega especialmente a nosa cultura tradicional ao mundo rural luso fronte a outras comunidades ibéricas. Así, no seu *Cancioneiro popular português*, o etnógrafo corso Michel Giacometti, grande coñecedor da tradición musical portuguesa, comenta ao respecto: “O que máis surpreende nesta polifonía é o seu ajustamento ás ocasións de traballo (sacha, sementeira, ceifa, varejo da azeitona, arrancada, maçadela e espadelada do linho, etc.) a testemunhar a súa solidariedade com as tarefas vitais do homem do campo”¹. Trátase dunha especie de rito laboral e social non exento de certo conponente relixioso: son moitos o exemplos de músicas litúrxicas folclorizadas (os cantos dos romeiros, as panxoliñas, cancións de reis...).

Rituais de traballo en común, «implicação na vida colectiva e doméstica das populações rurais»- en palabras de Giacometti-, costumes e cancións que van desaparecendo, ás veces, na medida en que o fan tamén algúns vellos oficios, en aras da inexcusábel incorporación do noso país a unha sociedade moderna, competitiva e mecanicista, na que normalmente, por desgracia, non queda tempo para estes lirismos, quizá industrialmente inútiles por pouco productivos, pero que son tan necesarios para nos lembrar que aínda somos seres humanos. ¿Quen podería imaxinar hoxe en día aos enlatadores de atún das nosas factorías, aos operarios da cadea de Citroën, ás costureiras dalgunha grande empresa téxtil... acompañando a coro as súas rutinarias tarefas con divertidas cancións? Aínda que ¿quen sabe? Quizá algún día os nosos mordaces e pouco poéticos empresarios descubran nisto unha boa terapia para aliviar achaques como o stress, a ansiedade e a depresión, que tanto absentismo laboral provocan entre os seus empregados.

Pero - volvendo ao tema – temos que salientar de entre as nosas cantigas, as que se cantaban con motivo de determinadas actividades lúdicas (rúas, fiadeiros ou seráns), hoxe practicamente desaparecidas. Unicamente algunhas destas cancións –as máis coñecidas- cobran vida no remate de certas festas familiares ou de amigos, así como nas etílicas esmorgas de taberna. Precisamente no ledito contexto daquelas nosas festas tradicionais inclúense a totalidade das coplas que imos glosar neste traballo; coplas que recollimos nas aldeas cuntesas de Xinzo e Castrolandín basicamente.

2. A nosa antoloxía

No artigo que agora publicamos, reproduciremos só algunhas destas emotivas e desenfadadas cantigas, deixando as restantes para mellor ocasión. Concretamente imos reproducir aquelas que fan referencia a lugares, aldeas e vilas dos nosos arredores, por considerarmos que son as máis peculiares e orixinais en relación a outros concellos e bisbarras afastadas, e mais as que fagan alusión á propia festa, aínda que non sempre se aluda explicitamente a estes espazos. No entanto, sabemos que aínda que se fale, en moitas destas estrofas, de xentes e lugares ben coñecidos no noso contorno, nalgúns casos pode tratarse de coplas cantadas en moitas partes de Galiza, que se adaptarían en cada sitio introducíndolles variacións. Curioso resulta neste sentido o caso da coñecida canción da Carolina (“Bailaches Carolina / bailei si señor”), que en Xinzo interpretaban mudando o nome polo de Vaselisa (ou Baselisa), en referencia quizais a algunha coñecida muller do lugar: “A saia de Vaselisa/ téñ un laghartito pintado/ cando Vaselisa baila/ o laghartito dálle ao rabo (...)”.

2.1. A *rúa* como temática

Son moitas as cantigas cuxa temática trata sobre este tipo de festexos tradicionais e o ledito ambiente que neles se creaba. Festas que comezaban ao anoitecer (de aí que se lles dera tamén o nome de seráns), despois de cear, nas que os cantos e os bailes eran acompañados con pandeiretas, cunchas, culleres, pandeiros... e nas que, especialmente en Cuntis, terra de moita afección instrumental, era frecuente a presenza dalgunha gaita ou acordeón así como do noso máis emblemático instrumento local, o charrasco. A festa remóntase aos tempos en que se xuntaban as mozas para fiar o liño, a estopa ou a lá, e o traballo alternábase co canto e a diversión. Co tempo o labor acaba por desaparecer, quedando só a festa que, con todo, conservará o nome de fiada ou fiadeiro.

Podían ter lugar nas rúas e camiños, se o tempo o permitía, pero tamén era frecuente que se celebraran no interior dunha casa, nunha corte, adega ou alpendre así como nos muíños. Segundo Otero Pedrayo³ a ruada ou fiadeiro puidera ser a materialización galega do xeito que teñen de cortexar os pobos do norte da península, que podería provir de usanzas primitivas. O máis destacábel é o intercambio de cantares entre mozas e mozos, cun carácter, unhas veces amoroso, outras desafiante e retranqueiro, e coa presenza oculta ou aberta do elemento erótico. Trátase dun cortexo colectivo, que contrasta co namoro individual propio do sur peninsular (así os cautelosos parrafeos que, con reixa por medio e consentimento paterno, eran tan típicos en Andalucía). Este tipo de actividades eran vistas con receo por parte da Igrexa⁴, que en ocasións intentou inutilmente acabar con elas por medio de ameazas de excomunión e multas para os participantes e os donos dos locais, por considerar que alí xuntábanse “jóvenes de ambos sexos, mezclados con la libertad que quieren, en danzas, juegos y, en una palabra, en lo que se les antoja” e que isto “opónese a la crianza cristiana, piérdese la vergüenza y el celo del honor, prenda del sexo femenino.”⁵ O certo é que estes

“pecaminosos congresos”-como os denominaban certas autoridades eclesiásticas-significaron, ademais dun bo xeito de diversión para a mocidade daqueles tempos, un fecundísimo ambiente creativo para a nosa canción popular.

Sabemos por algúns saudosos artigos de carácter etnográfico que Blanco Torres publica na emigración americana, que nas aldeas do noso concello e arredores eran moi soadas e concorridas estas festas tradicionais, facendo unha especial mención dos esperpentos de Arcos de Furcos e Cequeril, os espantallos de Estacas e San Clemente, as regueifas de Mesego e Troáns e as ruadas de Fontecoba, Vilariño, Xinzo e Rebordelo⁶. Entre as coplas que se cantaban, algunhas falan de persoas ben coñecidas nas nosas parroquias, aludidas frecuentemente polos seus alcumes; pandereteiras e cantadeiras, afeccionadas á brincadeira, que en raras ocasións fallaban a estas xuntanzas, como é o caso da Chispa ou a Buxana.

En Vilar a Chispa Neghra,
en Piñeiros a Picalla
e na rúa en Fontecoba
quen goberna é a Buxana.

Fun á rúa a Fontecoba
e bailei o Xulián.
Levei os zoquiños novos,
trouxen as pezas na man.

Fun á rúa a Vilar,
era na eira de Andrea
e tocaba a Chispa Neghra
cunha pandeireta vella.

Quédame o Caeiro atrás,
a terra dos aburridos.
Vamos tirando pra Arcos
a ver se nos divertimos.

Toca pandeireta, toca,
senón heite de rachar-e;
costáchesme unha peseta,
axudádema á ghanar-e.

No concello de Ordes cantábase unha estrofa moi parecida, que unicamente troca os dous últimos versos: “(...) que me custáche-los cartos, / axúdamos a ghanar-e.”⁷

Este pandeiro que toco
era de coiro de ovella.
Inda onte comeu herba,
hoxe toca que rabea.⁸

Esta última cantiga foi recollida en Xinzo. Dela topamos unha variante na revista *Museo*:

Este pandeiro que toco
éche de coiro de can
toca pandeiriño toca
e non me mordas a man.⁹

Do mesmo medio tamén recollemos as seguintes:

A rapaza canta canta,
a rapaza canta ben.
A rapaza canta canta,
o cantar non a mantén.

Nesta rúa non hai cirolas
nin homes para beilar.
Bailan as mulleres solas.

¡Que ben baila, que ben baila!
O da chaqueta redonda;
mellor podía beilar
se a tivese máis longa.

Para cantar veño eu,
para beilar, meu irmán;
para tocar o pandeiro
¡Viva quen o ten na man!¹⁰

Xa non ten ferriñas,¹¹
non ten.
Xa non ten ferriñas
e mais toca ben.

Botade a regheifa fóra,¹²
prenda do meu paladar.
Botade a regueifa fóra
que non podo cantar máis.

2.2. A gabanza e o desaire

Son moitas, como xa vimos, as estrofas, de entre as que recollemos, nas que se menciona explicitamente o nome de vilas, aldeas e lugares sobradamente coñecidos por todos os veciños de Cuntis e Moraña. Imos encadrar neste epígrafe, en primeiro lugar, aquelas cuxa temática é a exaltación da terra propia, das súas xentes e mesmo dos seus santos patronos, como sucede nas que plasmamos a continuación, entre as que, como imos ver, destacan as dedicadas a santa Xusta:

Santa Xusta de Moraña
tres días foi muiñeira,
tiña vasoira de palma,
tolladeiro de oliveira.¹³

A nosa santa Xustiña
está dereita na porta
mirando para os romeiros
que soben aquela costa¹⁴.

Santa Xusta de Moraña,
ela vai ter un meniño,
que llo vai ir bautizar

san Roque de San Martiño.

Santa Xusta de Moraña
¿pra onde vai co seu meniño?
Visita-lo compañeiro
san Roque de San Martiño.

Á señora santa Xusta
quixéronnola levar;
do cruceiro de Canpenlos
pra alá non quixo pasar.

Santa Xusta de Moraña,
de Moraña morañeira,
fun alá que me casase,
dixo que andase solteira.¹⁵

Nosa señora do Baño,
ela é miña madriña;
hame de mandar o bolo
pola súa criadiña.¹⁶

San Antonio de Penalba
tén a capilla no monte
para gardar as ovellas
polo día e pola noite.¹⁷

San Martiño, carrasqueiro;
Santa Cruz, corral de vacas;
e indo pra Santa Xusta,
alí a flor das muchachas.

No San Roque en San Martiño
tocaba o tantarantán,
e o que lle estaba dando
xa non podía da man.
A campana soaba
a golpe de badal,
e nós berramos de abaixo:
“ides fundir o metal”.

Santa Eulalia de Portela
estache de pé na porta
mirando aos de Requián
como baixaban a costa.

Á parte destas composicións nas que se misturan elementos profanos e relixiosos, temos que destacar aquelas nas que a expresión dominante é a gabanza do lugar propio e o desaire cara aos demais. Entre as primeiras poderemos citar as que seguen:

Viva Xinzo que é ribeira,
hainos de media polaina
e hainos de polaina enteira.

Cantiga similar cántase na zona de Pontedeume: “Haiche mozos, haiche mozos, / haiche mozos na ribeira. / Haichos de media polaina, / hainos de polaina enteira.”¹⁸ Tamén Domingo Blanco transmítenos outra variante: “Mozos hainos na montaña, / mozos hainos na ribeira, / hainos de media polaina, / hainos de polaina enteira.”¹⁹

Somos dos baños de Cuntis,
onde a iaghua sae fervendo
e os chorros curan á xente
aínda que estean morrendo.

Pasei por Castarrandín,
cerradiña de loureiras,
para que non pase nada
máis que as mociñas solteiras.

O cura de San Martiño
non ten capa nin capelo.
Mira o noso do Baño,
que o ten de terciopelo.²⁰

Rebordelo desde lexos
parece Vilagarcía,
se non fosen os outeiros
que tén na banda de riba.

Desde Cuntis a Mesegho
hai unha leghua de monte.
¡Viva quen o pasea
alá pola media noite!

A Mesegho eu hei ir
anque me poñan cancelas;
se non mas queren abrir
pásolle por riba delas.

Din: “¡Mesegho, Mesegho, Mesegho!”
É a flor de España;
onde van os de Mesegho
levan a flor da rama.

A aldea de Mesegho
está cerrada de arredor,
que a cerrou unha nena
cunha fita de color.

Anque somos de Mesegho,
de esta alegre montaña;
anque somos de Mesegho,
¡ollo! Que a vista engaña.

Somos todos de Mesegho,
dalá do medio do monte;
os aires curan á xente
aínda que estean á morte.

Nosa Señora do Baño
púxose de pé na porta
mirando pra os de Mesegho
como subían a costa:
- “¡Subide a costa pra riba!
¡Subide a costa pra riba!
Se vos parece montaña
a min paréceme vila.”

A aldea de Loureiro
de lonxe parece vila;
ten un caravel na entrada
e unha rosa na saída.

Esta última copla cantábase con variacións en distintos lugares do país. Xosé Paz Fernández recolle unha moi parecida: “A aldea de Vilachá / de lonxe parece vila, / as rosas tén á entrada / i-o caravel á saída.”²¹ Domingo Blanco tamén recolle outra variante: “A parroquia de Baión, / de lonxe parece vila; poñéndose no medio dela / parece Vilagarcía.”²²

A aldea de Loureiro
ten unha fonte de prata
que lla fixeron os mozos
co diñeiro dunha vaca.

Para pan de trigo, Caldas;
para viño, Redondela;
para mociñas bonitas,
a parroquia de Portela.

Caldas para o pan de trigo
e para viño O Ribeiro;
para mozas alentadas
a aldea de Piñeiro.

O desaire ou desafío cara a outros sitios é a temática que domina en cancións como as que imos plasmar a continuación. Eran ben coñecidos os ataques que os do Baño, Campo, Vilar e Castrolandín lanzaban contra os da montaña, máis concretamente contra os de Zoo e Mesego (o escarnio dirixíase especialmente ás mulleres), que contrastan cos autoeloxios que estes emitían nas coplas que citamos máis arriba. Nalguns casos mencionábase o nome do lugar satirizado, pero non sempre era así:

As dalá darriba
cando van co ghando
espetan a bara
e bailan o tango.

E bailan o tango
e maila muiñeira.
Ás dalá darriba
non hai quen as queira.

As dalá darriba

cando van cas bestas
levan as aghullas
e cosen nas tetas.

Eu caseime na montaña,
terriña de moito pan,
o forno da miña soghra
bota silvas polo vran.

A alusión explícita ao lugar aparece noutros casos:

As rapazas de Mesegho
pedíronlle a San Antonio
que as quitara de alí-e
que estaban no purghatorio.²³
San Antonio respondeulles
- “Meniñas tende pacencia.
Se vos pican os carrachos
todo vos é penitencia.”

Pero a diana destas coplas satíricas non só eran os da montaña, senón tamén os doutras partes da parroquia e mais os doutras parroquias do concello.

Este ano hai moito liño
tamén hai moita aresta
os varredoiros de Campo
cheiran a mexo que apestan.

Máis elocuente resulta unha versión reproducida no cancionero eumés de X. Paz: Este ano hai moita cebada,/ tamén hai moita aresta,/ as rapaciñas de agora, / cheiran aos mexos que apestan.²⁴ Tamén Domingo Blanco recolle outra versión con máis picardía: “Hai moito liño este ano,/ e ha de haber moita aresta;/ debaixo da túa saia,/ eso é o que a min me presta.”²⁵

Sementei gharabanzos,
nacéronme coles;
as meniñas de Campo
todas son faroles.

As de Cuntis cando pairen
acórdanse de san Ramón,
pero cando o están facendo
nin santo nin devoción.

Ao chegar a Cuntis
o primeiro que se ve
son as ventanas abertas
e as camas sen facer.

As mozas de Rebordelo,
non son unha que son todas,
poñen tres pares de medias
para ter as pernas ghordas.

No lughar de Vilariño,
cantos corvos hai no mundo
alí van face-lo niño.

Os da Casiña mataron a besta;
os de Ducío comémola fresca;
os de Cornado mandaron recado
que lles deixaran a croca do rabo,
e os de Piso mandaron aviso
que lles deixaran as tripas pra un ghuiso.

As meniñas de Portela
son pequenas e redondas.
Comen carrouchos do monte,
veñen cheas como bombos.

Como variante desta cantiga poderíamos citar unha que recolle Otero na súa *Historia de Galiza*: As mociñas do Porto/ son pequenas e redondas/ e súbense ó campanario / botan peidos como bombas²⁶.

Nenas de Castro Loureiro,
deixá pasa-las da Ulla,
con ferreñas e pandeiro.²⁷

En Castarrandín n´ai mozas,
na Patela ghana delas,
dando a volta por Vilar-e,
carabixas de cancelas.

Cantiga similar a outra que os rapaces e mestres do colexio reproducen no seu voceiro:

En Couselo hai boas mozas,
en Portela ghana delas,
e indo para o Loureiro,
carabillas pras cancelas.

Había moitos tópicos en referencia á xente dos distintos lugares. Así, como vimos, o Caeiro era a “terra dos aburridos”, do mesmo xeito que os do Baño eran chamados “chapantes”(aínda hoxe son coñecidos pola súa grande afección a fartarse de comer e beber, sobre todo se é de balde), os de Troáns, “papeiros”...

Os papeiros de Troáns
comen as papas con verzas
e o caldo con mazáns.

Se o río de Caldas
leva coñá
os chapantes do Baño
irían alá.

• E tócalle o turno aos de Moraña, cos que tamén se ensañan; nalgún caso saíndose un pouco de ton:

Santa Crus montaña brava
heime de ir casar ao Baño
ao pasar a Taboada.

A Moraña non
que dormen no chan
e veñen das mozas
ás tres da mañán.

Carracheiros de Moraña
subide o burro á campana,
e subídeo ben
hastra o ano que vén.

Pechamos este apartado cunha cantiga de desafío que se entonaba en Xinzo e noutros sitios, atacando aos veciños doutros lugares:

Nós d'aquí e vós d'alá
somos tantos coma vós.
Nós comeremo-la carne,
os ghuesos son para vós.

Que en Castrolandín e outros lugares presenta unha versión quizá máis retranqueira:

Nós d'aquí e vós d'alá
somos tantos coma vós.
Nós comemo-lo carneiro,
os cornos son para vós.

2.3. A evocación lírica

Queremos rematar este traballo cunhas cantigas que ao igual que moitas das anteriores fan mención a algúns lugares que nos son ben familiares, pero que son máis puramente líricas, pois carecen do carácter social-localista que posuían moitas xa citadas:

A carballeira de Meira
tén a folla revirada,
que lla revirou o aire
unha noite de xiada.

Na miña vida vin tal
na aldea de Troáns:
unha cadela con pitos
e unha galiña con cans.

Eu pasei por Vilariño,
por Vilariño cantando.
As nenas de Vilariño
quedan no río lavando.

Paxaro que vas voando
por riba do Pumariño
has de levarme esta carta
ao cura de San Martiño.

Teño uns zapatiños novos
outros dados a solar
para pasear as nenas
de Xinzo para Vilar

A subila e a baixala
a costa da Carrachán;
a subila e a baixala
perdín o anel da man.

A subila e a baixala
a costa de Rebordelo;
a subila e a baixala,
perdín a cinta do pelo.²⁸

Canta o cuco en Rebordelo,
o lagharteiro na Ermida
e o paxariño da morte ²⁹
un pouquiño máis arriba.

Para finalizar reproducimos unha cantiga de carácter satírico que se cantaba nos tempos da guerra, cando funcionaban na parroquia de Cuntis dúas coñecidas casas de alterne.

¿Onde estiveche esta noite,
grandísimo calavera?
Un pouco na de Marina
e outro pouco na de Amelia.

NOTAS:

1 GIACOMETTI, M., *Cancioneiro popular português* (Lisboa, 1981).

2 *Museo*, revista escolar do Colexio Público D. Aurelio, Cuntis, nº 1. Pola nosa parte queremos dar as grazas a Esther, Mercedes e Regina Touriño, Manuela Alende, Manuel Martínez, Manuela Silva, José Giménez e Josefina Castro de quen recollemos as cantigas.

3 Cf. OTERO PEDRAYO, R., *Historia de Galiza*. Tomo1 (Buenos Aires, 1962), pp.537s.

4 Referímonos á postura oficial da xerarquía eclesiástica e non aos cregos en xeral, pois hai constancia documental de que algunhas casas rectorais foron escenario habitual destas festas co consentimento do propio cura.

5 Disposición do cardeal Andrés Sobrino Taboada aos veciños de Saiar (finais do sec. XVIII). Foron moitas as ordes que co mesmo fin se elaboraron naqueles tempos. Así a cursada polo arcebispo Miguel Herrero aos veciños de Loureiro (Cotobade), a de Gil Taboada dirixida aos veciños de Valga ou a do arcebispo Sebastián Malvar y Pinto, que ordena sancionar aos mozos que permanezan reunidos “despues del toque de oraciones con el pretexto de hiladas, bailes y otros juegos profanos”. Cf. GEG., t.13, p.2

6 Cf. PICALLO FUENTES, H., ‘Impresións da vila natal’, *Roberto Blanco Torres. O combate incesante*, ed. A Nosa Terra (Vigo 1999), p.9.

7 SCHUBARTH, D. – SANTAMARINA, A., *Cancioneiro galego de tradición oral* (A Coruña 1982), p.55

8 Na revista escolar citada tamén aparece este cantar, mais coa pequena variante de ‘arrabea’ no canto de ‘rabea’.

9 Na mesma revista aparece outra versión, na que o último verso é: ‘non me mordas máis a man’.

- 10 En Outes cantábase unha versión coa única variación de “irmau” e “mau” no canto de “irmán” e “man”. SCHUBARTH, D. – SANTAMARINA, A., cit., p.56.
- 11 Denomínanse ‘ferriñas’ ou, máis comunmente ‘ferreñas’, as pezas de latón que soan na pandeireta.
- 12 A regueifa en principio é unha bola de pan en forma de rosca. Nos nosos mordaces e improvisados desafíos poéticos, que ás veces tiñan lugar nas ruadas, acostumábase a dar como premio unha regueifa. De aí que a palabra acabase por designar o propio desafío, e que os rivais fosen denominados regueifeiros.
- 13 Versión que recollemos en Xinzo. En *Museo* topamos outra que muda a palabra ‘tolladeiro’ por ‘trabadoiro’.
- 14 Tamén topamos unha variante en Santo André de Teixido: O san Andrés de Teixido/ está dereito na porta/ mirando para os romeiros/ como lle baixan a costa. BEN-CHO-SHEY, ‘Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza. Folklore de San Andrés de Teixido’, *Nós* (Ourense, 15-1-1927), nº 37, p.10.
- 15 BLANCO, D. *A poesía popular en Galicia* (Vigo 1992), vol.1, p.123.
- 16 Tamén recollemos unha variante que unicamente muda o primeiro verso por: Santa Xusta de Moraña. Seguramente sería un cantar que se adaptaría de xeito distinto en cada zona.
- 17 Recollida en BLANCO, D., cit., vol.I, p.332, coa gralla de que di ‘Penalta’ en Lugar de ‘Penalba’ (Campo Lameiro). Na propia obra menciónase Cuntis como lugar de recollida da cantiga.
- 18 PAZ FERNÁNDEZ, X., *Nas beiras do Eume* (Pontedeume 1998), p.53.
- 19 BLANCO, D., cit., vol.2, p.302.
- 20 Domingo Blanco tamén recolle esta cantiga, pero ambientada na zona de Vilagarcía. Aparecen os topónimos de Paradela e Baión en lugar de S. Martiño e O Baño. *Ibid.*, vol.2, p.204.
- 21 PAZ FERNÁNDEZ, X., cit., p.78.
- 22 BLANCO, D., cit., vol.2, p.372.
- 23 *Ibid.*, Na obra reproducése unha copla con certa similitude: “Todas as mozas solteiras/ pedíronlle a San Antonio / que lles dese casamento /que estaban no purgatorio.”, vol.2, p.293.
- 24 PAZ FERNÁNDEZ, X., cit., p.85.
- 25 BLANCO, D., cit., vol.1, p.364
- 26 OTERO PEDRAYO, R., cit., tomo 1, p.540.
- 27 BLANCO, D., cit., vol.1, p.264.
- 28 Na obra citada de X. Paz topamos unha variante: “A subila e a baixala / a costa de Viadeiro [Leiro-Miño] / A subila e a baixala / perdín o meu cinguideiro.”, p.80. Tamén no concello veciño de Caldas de Reis se rexistra outra variante: “Á subida e á baixada /da costa de Carracedo, / á subida e á baixada / caeume a cinta do pelo. BLANCO, D.cit., vol.1, 329. Outra versión muda o segundo verso por: “A costia de Canedo”. BOUZA BREI, L.- BOUZA BREI, F., ‘Cancioeiro das ribeiras do Tea’, *Nós* (Ourense, 15-3-1929), nº 29, p.49.
- 29 Refírese quizais ao moucho ou á curuxa, aves que na nosa cultura popular simbolizan a morte, tal como nos informa a seguinte copla tradicional: “A coruxa e mailo moucho/ son os paxaros da morte;/ andaban naquela aldea / agoirando desta sorte”. BLANCO, D., cit., vol.1, p.500.